

Ciclos formativos de grao medio de formación profesional

Instrucións para a realización das probas

Índice

Data de celebración	3
Lugar de celebración	3
Documentación que se precisa	3
Horario das probas	3
Advertencias	3
Materiais que se poden empregar para a realización das probas	4
Instrucións	4
Exame e folla de respostas	4
Datos do documento de identificación	4

Data de celebración

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio, convocadas mediante a Orde do 5 de marzo de 2014 (DOG do 10 de marzo), terán lugar o día 4 de xuño de 2014.

Lugar de celebración

Os lugares de celebración das probas de acceso a grao medio están publicados nos taboleiros dos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual>, no apartado “Acceso aos lugares e sedes de realización das probas”

Por favor, preste especial atención e comprobe cal é o centro que lle corresponde. Se ten dúbidas, pregunte no centro onde realizou a inscrición.

Documentación que se precisa

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Non se permitirá o acceso ao lugar de celebración da proba sen os devanditos documentos. As persoas que teñan algún problema de identificación terán que dirixirse ao tribunal, que valorará as incidencias e tomará as decisións que considere oportunas.

Horario das probas

Presentación:

– Ás 9:00 horas.

Parte matemática e parte sociolingüística da proba:

– Das 10:00 ás 13:00 horas (matemáticas, lingua galega, lingua castelá e ciencias sociais).

Parte científico-técnica da proba:

– Das 16:00 ás 18:00 horas (ciencias da natureza e tecnoloxía).

En cada chamamento as persoas inscritas estarán situadas nos lugares designados polos centros. Non será posible abandonar o lugar de realización da proba ata que o tribunal dea a autorización.

Advertencias

- Non se poderá acceder ao lugar de realización das probas con móbiles nin calquera dispositivo electrónico, agás as calculadoras permitidas para a realización das probas.
- O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguilas poderá ser causa de exclusión.

Materiais que se poden empregar para a realización das probas

- Bolígrafos de tinta negra ou azul.
- Na proba de tecnoloxía poderase empregar calculadora que non sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.

Instrucións

Exame e folia de respostas

- As persoas solicitantes deben comprobar que o exame e a folia de respostas sexan da mesma cor e que correspondan ás mesmas materias.

Datos do documento de identificación

- As instrucións para a realización do exame indicarán como teñen que proceder para que os datos persoais sexan correctamente cubertos nos recadros correspondentes. **Porase especial atención ao cubrir o DNI.**
- Criterio:
 - Prescindir das letras iniciais, finais e intermedias. Escribir o número do documento sen letras nin espazos intermedios.
 - Empezar a cubrir os díxitos do número de documento pola primeira columna.
 - En cada columna non poderá haber máis dunha marca.
 - Para os números con 8 díxitos todos os espazos do recadro deben quedar cubertos.
 - Para os números de menos de 8 díxitos os espazos finais, quedarán en branco, non se marca nada.
- Exemplos:

43257105H
DNI/NIE/PASAPORTE (sen letras)

4	3	2	5	7	1	0	5
0	0	0	0	0	0	0	0
1	1	1	1	1	1	1	1
2	2	2	2	2	2	2	2
3	3	3	3	3	3	3	3
4	4	4	4	4	4	4	4
5	5	5	5	5	5	5	5
6	6	6	6	6	6	6	6
7	7	7	7	7	7	7	7
8	8	8	8	8	8	8	8
9	9	9	9	9	9	9	9

X2386154M
DNI/NIE/PASAPORTE (sen letras)

2	3	8	6	1	5	4	
0	0	0	0	0	0	0	0
1	1	1	1	1	1	1	1
2	2	2	2	2	2	2	2
3	3	3	3	3	3	3	3
4	4	4	4	4	4	4	4
5	5	5	5	5	5	5	5
6	6	6	6	6	6	6	6
7	7	7	7	7	7	7	7
8	8	8	8	8	8	8	8
9	9	9	9	9	9	9	9

BX16574
DNI/NIE/PASAPORTE (sen letras)

1	6	5	7	4			
0	0	0	0	0	0	0	0
1	1	1	1	1	1	1	1
2	2	2	2	2	2	2	2
3	3	3	3	3	3	3	3
4	4	4	4	4	4	4	4
5	5	5	5	5	5	5	5
6	6	6	6	6	6	6	6
7	7	7	7	7	7	7	7
8	8	8	8	8	8	8	8
9	9	9	9	9	9	9	9